

**A tradución máis antiga  
dun poema de Rosalía ao portugués**

**Xosé Manuel Dasilva**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

DASILVA, XOSÉ MANUEL (2011 [2004]). “A tradución máis antiga dun poema de Rosalía ao portugués”. *Boletín Galego de Literatura*: 31, 81-91. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1411>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

DASILVA, XOSÉ MANUEL (2004). “A tradución máis antiga dun poema de Rosalía ao portugués”. *Boletín Galego de Literatura*: 31, 81-91.

\* Edición dispoñíbel desde o 16 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A tradución máis antiga dun poema de Rosalía ao portugués

Xosé Manuel Dasilva

**RESUMO** Noticia da tradución ao portugués do poema "O gaiteiro" de Rosalía de Castro, incluído en *Cantares Gallegos* (1863), publicada o 10 de xullo de 1873 no *Diario Ilustrado*. Despois de repasar brevemente a recepción da obra de Rosalía en Portugal, Xosé Manuel Dasilva describe a páxina que acolle a que até o momento é a primeira tradución coñecida ao portugués dun poema rosaliano, destacando a nota que acompaña a composición poética e a importancia que nela se lle dá á figura de Murguía. Reprodúcense a seguir as dúas versións do poema, das que sinala aquelas solucións lingüísticas que considera máis acertadas e as máis arbitrarias, para rematar acenando cara a outras traducións da obra rosaliana nese momento.

**ABSTRACT** This article reports the discovery of a translation of Rosalía's poem *O gaiteiro* (from *Cantares gallegos* [1863]) which was published on the 10th of July, 1873 in the *Diário Ilustrado*. After a brief examination of the reception of the poem in Portugal, XMD describes the page which contains what is the first known translation into Portuguese of a poem by Rosalía, concentrating on the note about the poem and the importance given therein to Rosalía's husband Manuel Murguía. Both the original and the translation are then reproduced, and the latter is subjected to a detailed evaluation by XMD, who points out its strengths and weaknesses. The article ends with references to other translations of Rosalía's works in this period.

En anos recentes expuxemos un punto de vista sobre o tipo de difusión lingüística da literatura galega en Portugal que hoxe en día, á luz de novos datos, é preciso completar. Efectivamente, dicíamos daquela (Dasilva, 1999 e 2002) que a tradución en si ao portugués de textos galegos era unha práctica non moi antiga, xa que todo levaba a pensar, á vista principalmente dos documentos dispoñíbeis, que o máis habitual era a divulgación en versión orixinal. Como mostras deste feito, mencionabamos as obras *Parnaso Português Moderno. Precedido de um Estudo da Poesia Moderna Portuguesa*, de Teófilo Braga (1877: X-XI e 241-312), onde se recollen sen cambios varias composicións de poetas

representativos do Rexurdimento; *Viagens na Galiza*, de Silveira da Mota (1889: 177-178), que inclúe dous poemas de *Follas Novas*; e tamén o volume *Litteraturas Mortas (Breves estudos sobre as litteraturas gallega, euskara, italiana e catalã)*, de Cervaens e Rodrigues (1911: 13-59 e 59-61), no que se integra unha selección de poemas, igualmente sen alteracións, de numerosos autores, desde Curros Enríquez ou Leiras Pulpeiro até Lamas Carvajal e Noriega Varela.

Ora ben, a exhumación de máis textos literarios galegos publicados en Portugal agora revela que no século XIX xa se levaba a cabo, asemade, a tradución das versións orixinais en lingua galega. Un exemplo sobranceiro desta actitude é un poema de Rosalía, o famoso “O gaiteiro”, de *Cantares gallegos*, que se verteu ao portugués moi pronto, constituíndo por iso mesmo, e a maiores do valor que se acaba de referir, unha das primeiras pezas da escritora padronesa trasladada a outras linguas, conforme máis tarde se terá ocasión de comprobar.

Rosalía representou sempre, sen dúbida, a personalidade literaria galega de meirande proxección en territorio luso, como por parte de diferentes autores (Vázquez Cuesta, Baptista) se ten demostrado. De feito, en varias ocasións ofrecéronse entregas da súa obra aos lectores portugueses ben en versión orixinal ben en forma de adaptacións de gradación variábel ou até de traducións totais. Cítense neste momento en resumo apertado, entre outras edicións, a *Antologia de Poemas* publicada no Porto en 1958, o volume *Poesia* organizado por Ecléa Bosi no ano 1966 –editado de novo vinte e un anos máis tarde –ou a polémica *Antologia poética. Cancioneiro rosaliano*, preparada por Ernesto Guerra da Cal en 1985.

Como proba de que o amplo éxito de Rosalía en Portugal vén de moi cedo, hai que sinalar que talvez a primeira referencia á escritora neste espazo corresponda xa ao ano 1871, cando no primeiro número do *Almanaque das Senhoras*, a directora, Guiomar Torresão, realiza sobre ela un breve retrato de presentación. É este un detalle que fai que pouco poida sorprender, realmente, que tan só dous anos máis tarde, é dicir, en 1873, o xornal lisboeta *Diario Ilustrado* decida inserir nas súas páxinas unha versión do antes aludido poema “O gaiteiro”.

Como detalle inicial da que moi probabelmente sexa a primeira tradución dun poema rosaliano en lingua portuguesa, hai que dicir que como responsá-

bel da versión aparece o poeta Luís Augusto Palmeirim, ligado ao *Ultra-Romantismo* luso ou á denominada *Segunda geração romântica*. Censor do teatro D. Maria II e director do Conservatório de Lisboa, Palmeirim era un escritor influído fortemente por Almeida Garrett, a quen seguía no seu modelo de nacionalismo estético, sempre mostrándose moi interesado por todo o relacionado co folclore do seu país. Non debe parecer estraño, pois, que fose xustamente este autor quen se fixase nunha escritora como Rosalía, xa que na súa propia obra poética, coleccionada en 1851 no volume *Poesias*, é doado rastrexar notas de sabor popular á vez que algúns elementos reivindicativos. Faise necesario indicar, por outra banda, que Palmeirim non era entón un nome absolutamente descoñecido nalgúns círculos literarios galegos, como se aprecia, por exemplo, a través da referencia que a el fai por aqueles anos Romero Ortiz en *La literatura portuguesa en el siglo XIX*, onde se mencionan as súas “trovas populares” (1869: 8).

Na folla primeira do número 347 do *Diario Ilustrado*, correspondente ao 10 de xullo de 1873, aparecerá a tradución de “O gaiteiro”, ao pé dunha ilustración a gran tamaño do tipo popular e acompañada dunha relativamente extensa nota acerca de Rosalía, con sinatura do propio Luís Augusto Palmeirim, na que por certo o protagonismo de Manuel Murguía non é pequeno. Velaquí o texto desa nota:

A poesía a que em seguida vamos dar publicidade foi traducida de un libro de *Cantares Gallegos* de que é auctora a sr<sup>a</sup> D. Rosalia Castro, esposa do notavel historiador, tambem gallego, o sr. D. Manuel Murguia. Se a *Historia de Galliza* do sr. Murguia é quase uma elegia, o libro dos *Cantares Gallegos*, da sr<sup>a</sup>. D. Rosalia Castro, raro deixa de ser um protesto, eloquente e melancolico, contra o abandono em que o poder central tem constantemente deixado o antigo reino de Galliza, transformado, apesar de entranhado amor ao trabalho de seus naturaes, em desvalida e despresada provincia da Hespanha.

No prólogo da *Historia* do sr. Murguia lêem-se estas significativas palavras, que dão a medida do desalento mais que fundado do seu auctor: “A Galliza é um pais cuja historia claramente nos mostra que as suas desgraças têm profundas raizes e vem já de longa data. Todo aquelle que a ame com entranhado amor de filho não poderá assistir impassível ao seu largo e doloroso martyrio”.

O prologo da *Historia de Galliza* do sr. Murguia termina d’este modo: “Mais de uma vez, no fluxo e refluxo dos povos, tem sucedido ficar

dominando os que eram domiados, e escravos os que antes se entregavam a todos os excessos do poder”.

Com as liberdades que a poesia permite, como reflexo que é do viver e do sentir popular, encontram-se no livro dos *Cantares Gallegos* alguns que reproduzem fielmente as queixas e os agravos de um povo paciente e laborioso, como por exemplo este, de que também brevemente daremos a tradução:

*Castellanos de Castilla  
tratade bem ós gallegos;  
cando van, van como rosas,  
cando véem, véem como negros.*

O sr. D. Manuel Murguia, e sua esposa, representam pois, com outros escriptores notaveis da sua provincia, a reacção illustrada e meditativa da Galliza contra o orgulho e sobranceria de Castella.

O livro dos *Cantares Gallegos* inspira-se da mesma idéa que deu renome e popularidade a Trueba: d'este já entre nós se conhecem algumas das mais selectas poesias, magistralmente tradusidas pelo nosso amigo o sr. Bulhão Pato. Nós, vamos trasladar para portuguez alguns dos maviosos *Cantares Gallegos* glosados com um verdadeiro instincto feminino pela sr<sup>a</sup> D. Rosalia Castro. Pequena, quasi nenhuma importancia terá o nosso trabalho; um facto bastará para o demonstrar. O glossario de vocabulos gallegos que se encontra no fim do volume para uso dos leitores hespanhoes, foi completamente desnecessario ao traductor portugues!

Encetamos hoje com o “Gaiteiro” que a nossa estampa galhardamente representa, a tradução de alguns dos *Cantares Gallegos* impressos em Vigo em 1863. Não nos parece inutil que em Portugal se conheça a Galliza por alguma coisa mais do que pelo trabalho material de alguns milhares de seus filhos que entre nós ganham a vida honrada e laboriosamente.

Como se pode ver, Palmeirim anunciava neste comentario introdutorio a futura tradución de máis poesías de Rosalía, un proxecto que, polo que parece, non chegou a callar. É relevante, polo demais, á parte das repetidas alusións a Murguía xa subliñadas, que o tradutor indique como un dos móbiles do seu labor o desexo de presentar en Portugal unha imaxe dos galegos que complementase a que se tiña a partir dos nosos emigrantes no país veciño.

Na versión en portugués de “O gaiteiro” que de seguida se vai transcribir, é posíbel observar que a intervención de Palmeirim como tradutor foi importante a pesar do expresado por el mesmo na presentación anterior, onde dicía que resultou unha tarefa bastante exenta de complicacións trasladar o poema. Véxase o texto orixinal en primeiro lugar:

Un repoludo gaiteiro  
de pano sedán vestido,  
como un príncipe cumprido,  
cariñoso e falangueiro,  
antre os mozos o pirmeiro,  
e nas cidades sin par,  
tiña costume en cantar  
aló pola mañanciña:  
-Con esta miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.

Sempre pola vila entraba  
con aquel de señorío,  
sempre con poxante brío  
co tambor se acompasaba,  
e si na gaita sopraba  
era tan doce soprar  
que ben fixera en cantar  
aló pola mañanciña:  
-Con esta miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.

Todas por el reloucaban,  
todas por el se morrían;  
si o tiñan cerca, sorrían;  
si o tiñan lonxe, choraban...  
¡Mal pecado! Non coidaban  
que c-aquel seu frolear  
tiña costume en cantar  
aló pala mañanciña:  
-Con esta miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.

Camiño da romería,  
debaixo de unha figueira,  
¡canta meniña solteira

“Quérote”, lle repetía...!  
I el ca gaita respondía  
por a todas emboucar,  
pois ben fixera en cantar  
aló pala mañanciña:  
-Con esta miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.

Elas louquiñas bailaban  
e pra xunta de el corrían,  
cegas..., cegas que non vían  
as espiñas que as cercaban;  
probes palomas, buscaban  
a luz que as iba queimar,  
pois que el soupera cantar  
aló pola mañanciña:  
-Ó son da miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.

Nas festas, ¡cánto contento!  
¡Canta risa nas fiadas!  
Todas, todas, namoradas,  
déránlle o seu pensamento.  
I el que, de amores sedento,  
quixo a todas enganar,  
cando as veu dimpois chorar,  
cantaba nas mañanciñas:  
-Non sean elas toliñas:  
non veñan ó meu tocar.

86

E léase agora o poema na lingua de chegada:

“O gaiteiro”  
Um anafado gaiteiro  
de belbutina vestido,  
esbelto e bem parecido,  
folgasão e galhofeiro;  
no bailarico o primeiro  
e nos descantes sem par,  
tinha por uso cantar  
logo pela manhãsinha:

ao som da minha gaitinha  
as moças hei de enganar.

Se no povoado entrava,  
como em terra que era sua,  
logo ao pôr o pé na rua  
no tambor se acompanhava:  
e se na gaita soprava  
era tão meigo o soprar,  
que bem fazia em cantar  
logo pela manhãzinha:  
ao som da minha gaitinha  
as moças hei de enganar.

E todas o adoravam,  
todas por elle morriam;  
se o tinham perto sorriam,  
se longe o tinham choravam.  
Pobresinhas! Mal cuidavam  
que era fingido o folgar,  
de quem dizia a cantar  
logo pela manhãzinha:  
ao som da minha gaitinha  
as moças hei de enganar.

Caminho da romaria,  
debaixo d'uma fogueira,  
cantando, moça solteira,  
seu amor lhe prometia.  
Mas elle... só respondia  
na sua gaita a tocar...  
Pois bem fizera em cantar  
logo pela manhãzinha:  
ao som da minha gaitinha  
as moças hei de enganar.

Ellas, louquinhas! bailavam,  
e em volta d'elle corriam,  
cegas... cegas que não viam  
os espinhos que as cercavam!  
Ai mariposas! Buscavam  
a luz que as ia queimar!



Pois elle ousara cantar  
logo pela manhãsinha:  
ao som da minha gaitinha  
as moças hei de enganar.

Nas festas que encantamentos!  
Que innocentes gargalhadas!  
Todas, todas namoradas,  
todas n'elle o pensamento!  
Elle só... d'amor sedento  
qu'ria a todas enganar.  
Quando as viu depois chorar  
cantava p'las manhãsinhas:  
não fossem ellas tolinhas  
em ouvir o meu tocar.

88

Alén de incorporar o título “O gaiteiro”, que está ausente en *Cantares gallegos*, Palmeirim mostra unha fidelidade absoluta aos trazos métricos do poema, en especial á medida, á rima e ao ritmo. O tradutor emprégase a fondo, por outro lado, para que os destinatarios portugueses reciban o poema con fluidez, é dicir, sen que perciban elementos de índole lingüística e mesmo cultural estraños a eles. Deste xeito, as substitucións léxicas e até as modificacións que atinxen a versos enteiros son abundantes, tal e como cabe constatar a partir da comparación de ambas as versións, a galega e a portuguesa. Algunhas desas intervencións constitúen, sen dúbida, solucións acertadas diante de problemas puntuais que encerra o texto de partida, como por exemplo as seguintes: “repoludo”=“anafado”, “pano sedán”=“belbutina”, “como un príncipe cumprido”=“esbelto e bem parecido”, “falangueiro”=“galhofeiro”, “antre os mozos o pirmeiro”=“no bailarico o primeiro”, “tiña costume en”=“tiña por uso”, “aló pola”=“logo pela”, “con esta miña gaitiña”=“ao son da minha gaitinha”, “sempre pola vila”=“se no povoado”, “todas por el reloucaban”=“todas o adoraban”, “pra xunta de el”=“e em volta d'elle”, “¡canta risa nas fiadas”=“que innocentes gargalhadas”... Outras decisións de Palmeirim perante algúns atrancos non son, sen embargo, tan atinadas, e incluso en determinados casos habería que as cualificar de propostas arbitrarias: “cariñoso”=“folgasão”, “nas cidades”=“nos descantes”, “con aquel de señorío”=“como en terra que era sua”, “sempre con poxante brío”=“logo ao pôr o pe na rua”...

Quedou xa indicado que esta versión de “O gaiteiro” é moi posibelmente a primeira tradución á lingua de Camoes dun poema de Rosalía e, por exten-

sión, tamén de calquera autor galego. Mais como antes se apuntou, pola súa cronoloxía esta versión supón, igualmente, unha das primeiras traducións rosalianas a outro idioma. Alonso Montero (1962) chamou a atención hai algúns anos para o feito de que é Víctor Balaguer a quen lle corresponde a distinción de inaugurar o traslado de Rosalía a outros ámbitos culturais, neste caso ao catalán. En detalle que pasara desapercibido a Augusto M<sup>a</sup> Casas (1949), tradutor tamén de Rosalía, que dedicara con anterioridade un interesante artigo á propagación da poesía da autora en lingua catalá, Alonso Montero daba noticia de que Víctor Balaguer, xa no ano 1868, isto é, só un lustro despois da aparición de *Cantares gallegos*, publicaba as versións devanditas:

Son dos poemas –*Castellanos de Castilla* y *A Gaita Gallega*– y su traductor, Víctor Balaguer, un literato muy famoso entonces y hoy poco menos que olvidado. Los publicó en 1868 en el tomo segundo de sus *Poesías catalanas*. Se trata pues de unas versiones sólo cinco años posteriores al texto gallego. Por estas fechas, sospechamos, nada gallego se había traducido a lengua alguna.

Repárese especialmente no alcance das últimas palabras, cando Alonso Montero afirma, en efecto, que naquela data se cadra ningún texto galego se trasladara a outra lingua. Tal suposición, na verdade, non foi desmentida por bibliógrafos de Rosalía (López, Pociña, Odriozola), nin tampouco polo propio Alonso Montero. No que se refire particularmente á versión portuguesa de “O gaiteiro”, é evidente que, se non a primeira, si é esta unha das traducións iniciais dun poema de Rosalía a outra lingua, o que se engade ao mérito de representar a primeira tradución en portugués da escritora.

Xa para rematar, subliñamos de novo o que se dicía ao comezo a propósito da circulación de textos literarios galegos en Portugal durante o século XIX e as primeiras décadas do século XX, posto que se verifica que tales textos algunhas veces se publicaban en formato orixinal, mentres que en ocasións se daban aos lectores, por outro lado, mediante traducións, como o demostra a versión de “O gaiteiro” de Luís Augusto Palmeirim comentada no presente estudo. Esperamos, en pouco tempo, dar a coñecer máis versións que confirmen esta mesma circunstancia.

Xosé Manuel Dasilva  
Universidade de Vigo

## Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús, “Rosalia en catalán. Víctor Balaguer tradujo al catalán *Castellanos de Castilla* en 1868”, *La Noche*, 29 xaneiro 1962.
- Baptista, António Rodrigues, “A presença de Rosalia nas letras portuguesas (De 1910 a 1930)”, en *Actas do Congresso Internacional de estudos sobre Rosalia de Castro e o seu tempo*, t. III, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 269-282.
- , *A Obra e a Figura de Rosalia de Castro em Portugal (de 1875 a 1954)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1989. Tese de doutoramento dirixida por Xosé Luís Rodríguez Fernández.
- , “Rosalia de Castro no horizonte dos *saudosistas* portugueses”, en *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 2, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/ Universidade de Santiago de Compostela, 2000, pp. 49-73.
- Braga, Teófilo, *Parnaso Português Moderno. Precedido de um Estudo da Poesia Moderna Portuguesa*, Lisboa: Francisco Arthur da Silva Editor, 1877.
- Casas, Augusto M<sup>a</sup>, “Poesías de Rosalia en verso catalán”, *La Noche*, 21 novembro 1949.
- Castro, Rosalia de, *Antologia de Poemas. Selecção de Juan Naya Pérez*, Porto: Livraria Galaica, 1958.
- , *Poesia, Selecção e versão do galego e do espanhol de Ecléa Bosi*, São Paulo: Editora Nós. Publicações Galiza Ceibe, 1966.
- , *Antologia poética. Cancioneiro rosaliano. Selecção, organização, adaptações do galego, versões do espanhol, do catalão e do inglês, apresentação e notas de Ernesto Guerra da Cal*, Viseu: Guimarães Editores, 1985.
- , *Poesia. Selecção e versão do galego e do espanhol de Ecléa Bosi*, São Paulo: Editora Brasiliense, 1987.
- Cervaens y Rodríguez, José, *Litteraturas Mortas (Breves estudos sobre as litteraturas gallega, euskara, italiana e catalã)*, Porto: Livraria Portuense, 1911.
- , *Rosalía Castro de Murguía*, Porto: A Industrial Gráfica, 1924.
- Dasilva, Xosé Manuel, “Uma tradução de Rosalia para português”, en *Homenaxe ao Prof. Alonso Montero*, vol. II, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999, pp. 381-411.

- , “Rosalía, outra volta en lingua portuguesa”, *Grial*, 154, 2002, pp. 359-362.
- López, Aurora e Andrés Pociña, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, 3 vols, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993.
- Mota, Inácio Francisco Silveira da, *Viagens na Galliza*, Lisboa: Liv. A.M. Pereira, 1889.
- Odriozola, Antonio, *Rosalía de Castro. Guía bibliográfica*, Pontevedra: Universidad Internacional Menéndez Pelayo/Museo de Pontevedra, 1981.
- Romero Ortiz, Antonio, *La literatura portuguesa en el siglo XIX*, Madrid: Tipografía de Gregorio Estrada, 1869.
- Vázquez Cuesta, Pilar, “A recepción de Rosalía en Portugal”, en *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, t. III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 260-267.